

UN NADAL EN FENE ACTIVIDADES CULTURAIS 2023/2024

MÉRCORES 13 E XOVES 14 DE DECEMBRO

Visita do apalpador, **Anxo Moure**, aos nenos e nenas de Ed. Infantil e 1º de Ed. Primaria dos centros escolares do noso concello. Cun perfil naturalista, o noso apalpador busca divulgar a riqueza cultural, etnográfica, ambiental, e lingüística das montañas galegas desde a Serra Do Courel até os montes de Trevinca (onde lle chaman o Pandigueiro), fomentando a ecoloxía, a comida sa, a música tradicional...

XOVES, 14 DE DECEMBRO

Ás 18.00 horas: María e Jorge, "Cucú, musical para bebés"

Biblioteca Pública Municipal "Xosemaría Pérez Parallé"

Recomendado para nenos/as ata 4 anos.

Aforo limitado. Reserva de prazas na Biblioteca PM do 11 ao 13 de decembro no teléfono 981 342 302.

Duración: +/- 40 minutos

Actividade do programa Rede Cultural da Deputación.

Fantasia coas palabras é o primeiro libro disco de **María Faltri e Jorge Juncal**. Unha proposta para aprender o abecedario dunha maneira orixinal e divertida.

Cariño, confort, descanso, experiencias sensoriais, emoción e diversión en familia. Unha sesión ideada para transcorrer polo universo da crianza, pasando dunha sensación a outra coa naturalidade coa que medramos a cada paso que damos. María Faltri e Jorge Juncal dan vida a este espectáculo pensado para a primeira infancia. Cucú é unha selección das cancións do libro disco *Fantasia coas Palabras* que mellor acolle as necesidades dos primeiros anos de vida dos nosos protagonistas, os bebés.

Jorge Juncal é músico con anos de experiencia como acordeonista en diversos grupos folk do país: *Anubía*, *Macfeck*, *Faltriqueira* ou *Beladona*. María López é compoñente do grupo vocal *Faltriqueira*, formación que leva mais de 15 anos percorrendo escenarios nacionais e internacionais. Ambos músicos forman parte da escena infantil musical e teatral dende hai máis de 5 anos. Traballaron con Magín Blanco en *"A Nena e o Grilo nun Barquiño"*, *"Gatuxo"* ou *"A Banda das Apertas"*, acadando o recoñecemento da crítica e o público.

Ás 19.30 horas: Ciclo Contando Ciencia. Inés Sánchez Sellero – "Sumisión química: máis aló dos totulares da prensa"

Salón de Actos da Casa da Cultura

Recomendado para tódalas idades.

Doutora en Medicina e Cirurxía. Profesora titular de Universidade da área de Toxicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela desde 1999. Investigadora do Instituto de Ciencias Forenses da USC.

VENRES, 15 DE DECEMBRO

Ás 18.00 horas: Vero Rilo. "Cacho Animalada"

Salón de Actos da Casa da Cultura

Dirixido ao público familiar.

Entrada de balde, sen reserva, até completar aforo.

Duración: +/- 50 min.

Actividade do programa Rede Cultural da Deputación

CACHO ANIMALADA! é unha sesión de narración oral e música para público infantil e as súas familias. A narradora Vero Rilo acompaña-se desta vez da guitarra, da voz (e outros trebellos) do multifacético Luis Iglesias. Aventúranse xuntas nun camiño diverso, transitado por contos da nosa tradición oral, versións libres e revisitadas dos Contos de Fadas de Ángela Carter, contos de autor/a que xa son clásicos da literatura e álbum ilustrado infantil... Todo o repertorio vai da man da música, da alegría, dos animais e, por que non?, de certas animalas... Son tempos de soltar as melenas e contar, cantar, bailar e correr coas feras que levamos dentro Raposos, merlas, toupas, nenas, nenos... corredes con nós? CACHO ANIMALADA! é un espectáculo fresco, despreocupado e necesario para gozar en familia.

Vero Rilo é narradora oral.

Antes era educadora infantil, pero quitouse diso. Dende 2013 leva contando contos, historias de vida, e outras lerias para todo tipo de público.

A música está moi presente nos seus traballos a dúo, aínda que por máis que o intente nunca aprenda a cantar nin a tocar a pandeireta. Tamén conta soa, é na variedade que atopa o gusto.

Feminismo, tradición, memoria histórica, resistencia, alegrías, afectos e rebeldías aparecen consciente e inconscientemente no seu repertorio.

Sempre lembra as palabras de Castelao "cada vida é una novela que se perde" Se cadra é por iso que conta, para non perder. E conta o que aprendeu a ser, o que outras foron, o que son. Conta o que a (con)move, di que así a memoria non morre...

SÁBADO, 16 DE DECEMBRO

Ás 20.00 horas: XXI Festival de Panxoliñas – Concello de Fene

Local social do CCRD de Perlío.

Dirixido a tódolos públicos.

Entrada de balde, sen reserva previa.

Duración: +/- 90 min.

Organiza o CCRD de Perlío.

Participan:

- Coral Polifónica Agarimo de Sillobre
- Coral Polifónica O Pote de Maniños
- Tradicoro
- Rondalla Estrelecer
- Rondalla Perla del Río

MARTES, 26 DE DECEMBRO

Ás 12.00 horas: Fantoques Baj – "A viaxe feliz de Ramón Sanfiz"

Salón de Actos da Casa da Cultura

Dirixido ao público familiar (recomendado maiores de 5 anos).

Entrada de balde, sen reserva, até completar aforo.

Duración: +/- 50 minutos

Actividade do programa "Nadal en Rede", da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Ramón Sanfiz, aventureiro e percusionista dunha orquestra de baile da mariña, dispónse a percorrer un novo itinerario co seu triciclo. No encontro co público, cóntalles a viaxe que realizou desde a súa vila

natal ata San Andrés de Teixido fiando diferentes historias que aprendeu dos habitantes que atopou polo camiño. Esta nova produción de Fantoques Baj está baseada en Galicia, o libro de crónica de viaxes de Francisco Fernández del Riego no que o autor trazou unha ducia de itinerarios singulares percorridos polo seu alter ego: Ramón Sanfiz. Unha proposta onde a narración vai acompañada de música, monicreques, romances de cego e outras técnicas de teatro de rúa.

Despois de deixar dúas pedras no amilladoiro de Santo André de Teixido, Ramón Sanfiz, alter ego de Fernández del Riego e percusionista na Rondalla Mindoniense do Pallarego, preséntase ante a xente alí reunida e para describir o seu proxecto de viaxar en triciclo desde a súa vila natal Lourenzá ata Teixido representando pezas do rico patrimonio inmaterial das vilas do camiño. Para iso servírase de instrumentos musicais como unha caixa de música, un pandeiro ou un talking drum e de obxectos como marionetas, un cartel de cego ou un kamishibai. Elementos que leva no seu triciclo e que vai sacando ao tempo que vai relatando os lugares polos que pasou na súa travesía a Santo André e que darán pé aos contos, cancións, lendas e romances deste rico camiño cultural que cruza a Mariña e que remata na serra da Capelada.

MÉRCORES, 27 DE DECEMBRO

Ás 19.00 horas: A Cova das Letras – “Frida”

Local Social do CCRD Perlío

Dirixido ao público familiar (recomendado maiores de 6 aos).

Entrada de balde, sen reserva, até completar aforo.

Duración: +/- 45 minutos

Actividade do programa Rede Cultural da Deputación

FRIDA é unha peza dirixida ao público familiar onde a través do corpo en movemento, títeres e obxectos poñemos en valor o poder transformador da arte. Reconstruímos cadros vivintes a través da danza e movemento de obxectos, onde a música xoga un papel fundamental. Trátase dun espectáculo poético, colorido e con moita, moita vida. Anxo García é o encargado de deseñar os títeres e seleccionar os obxectos que aparecen na obra. Frida era unha gran contadora de historias e botaba man dun pequeno teatriño de títeres para representalas. Contaremos con títeres tradicionais e con obxectos. Olga Cameselle é a encargada de coreografar as danzas e movementos que nos levan á recreación dos cadros. A música está a cargo do compositor Manuel Paino.

XOVES, 28 DE DECEMBRO

Ás 12.30 horas: Trémola Teatro – “Brilla, Brilla”

Biblioteca Pública Municipal “Xosemaría Pérez Parallé”

Recomendado para nenos/as ata 4 anos.

Aforo limitado. Reserva de prazas na Biblioteca PM do 22 ao 27 de decembro no teléfono 981 342 302.

Duración: +/- 30 minutos

Actividade do programa Rede Cultural da Deputación.

Teatro sensorial para bebés. A estreliña Vela está moi triste porque aínda non aprendeu a brillar, pero grazas á axuda da súa amiga Lyra e do montón de cousas divertidas que lle levou para xogar, poderán conseguir que Vela brille por fin?

Brilla –Brilla é unha obra de teatro sensorial para bebés que lles fará aprender valores tan importantes como é compartir.

A través de diferentes elementos sensoriais (campás, confeti, luz negra, instrumentos...) os máis pequenos/as da casa gozarán desta emocionante aventura.

Trémola Teatro é unha compañía fundada a finais de 2017 en Madrid por Paula Regueiro (actriz) e Lucía L. Golán (actriz). As súas fundadoras, profesionais das artes escénicas, coñecéronse na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADg) mentres realizaban estudos de interpretación.

Parten da base de ser actrices creadoras, xa que elas mesmas son as que dirixen e escriben os seus propios espectáculos.

Gañadoras dun Premio Xuventude Crea (2018) na disciplina de Teatro. Percorreron gran parte da Comunidade de Madrid e de Galicia cos seus espectáculos. Realizan espectáculos tanto para adultos como para nenos; aínda que, sen ningunha dúbida, a súa especialidade é o público infantil.

VENRES, 5 DE XANEIRO DE 2024

Cabalgata das SSMM Os Reis Magos de Oriente

Saída ás 17.30 horas do CCRD de Perlío (Rúa San Salvador), e percorrer Avda. Marqués de Figueroa, Avda. Naturais con remate na Praza do alcalde Ramón J. Souto González para recibir as SS.MM Os Reis Magos.

Si tes entre 6 e 12 anos cumpridos, e queres participar como paxe real na cabalgata, **do 18 ao 29 de decembro** tes que anotarte no rexistro xeral do Concello de Fene (aforo moi limitado, por orde de inscrición, descargando a ficha en ww.fene.gal)

Do 18 de decembro ao 5 de xaneiro estará colocada a Caixa de Correo Real na planta baixa da Casa do Concello para que enviades os vosos desexos!

Máis información:

Departamento de Cultura e Deportes

Avda. Naturais 44, entresollado

Tif.: 981 340 366

cultura.deportes@fene.gal

www.fene.gal